

PRESCRIPCIONES COMÚNS APLICABLES OS CAMPIONATOS  
DE GALICIA DE KARTING 2011



**D. FRANCISCO DORADO**  
CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE KZ2



## PRESCRIPCIONS COMUNS APLICABLES Ó CAMPIONATO DE GALICIA DE KARTING

### **Artigo 1. APLICACIÓN DAS PRESCRICIÓNS COMÚNS.**

A F.G. de A. é propietaria dos Campionatos de Galicia, así como das Copas, Trofeos e Challenges. Tódolos Regulamentos de Campionatos, Copas, Trofeos e Challenges deben obrigatoriamente adaptarse ás seguintes prescricións, así como as probas de carácter autonómico de Galicia .

A F.G. de A. poderá acordar certos cambios ós Regulamentos para os Campionatos, Copas, Trofeos e Challenges.

Unha Competición terá carácter Autonómico cando formalice a súa inscrición no Calendario Deportivo de Galicia.

### **Artigo 2. ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS.**

A F.G. de A. organiza os Campionatos de Galicia de Karting, así como as Copas, Trofeos e Challenges.

Estas competicións desenrolaranse a unha soa ou a varias probas, segundo a categoría.

Soamente a F.G. de A. ten potestade para delega-la organización dun Campionato, Copa ou Trofeo a un Club ou Asociación Deportiva e/ou circuíto.

### **Artigo 3.**

A F.G. de A. que será a encargada de fomenta-lo deporte do Karting, no ámbito correspondente, e velar polo cumprimento das regulamentacións aprobadas para o deporte do kart na nosa Autonomía.

### **Artigo 4.**

O Presidente da Comisión Galega de Karting será membro titular da Federación Galega de Automobilismo e designado polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 5.**

Serán funcións da F.G. de A. as seguintes:

5.1.- Admitirá no seu seno as organizacións para a práctica e difusión do Karting en Galicia.

5.2.- Examinar e elevar co seu informe á F.G. de A. para a súa ulterior tramitación, os regulamentos das competicións de carácter nacional e internacional que se programen nesta territorial.



5.3.- Tramitar á F.G. de A. as solicitudes de probas nacionais e internacionais.

5.4.- Velar polo cumprimento dos regulamentos en tódalas competicións deportivas.

5.5.- Crear e mantelos cadros técnicos necesarios, tanto para cubrir as necesidades propias como para apoiar ós cadros deportivos subordinados.

5.6.- Recoller información e difundila.

### **Artigo 6.**

A C.G.K. estará domiciliada no local social da Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 7.**

A F.G. de A. establece para o seguinte ano o Campionato e Copas de Galicia de Karting.

### **Artigo 8.**

O Campionato de Galicia de Karting acollerase ós regulamentos establecidos pola F.G. de A. e deben ser respectados segundo a normativa deste Anuario e dos regulamentos particulares das probas.

Por tanto non procede dirixir reclamación algunha á xurisdición civil ou percorrer ante Tribunais, árbitros non previstos polo CDI (segundo o Regulamento de Réxime Disciplinario da Federación Galega de Automobilismo).

### **Artigo 9.**

O Campionato de Galicia de Karting está aberto ós pilotos posuidores dunha licenza de karting, expedida pola FGA.

### **Artigo 10.**

1.- A clasificación final do Campionato Galego de Karting será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas (que aceptase a participación das licencias Autonómicas de Galicia) igual á metade das probas celebradas máis unha.

2.- Para a clasificación final do Campionato Galego de Karting, reteranse e sumaranse os resultados de todas as probas celebradas.

### **Artigo 11.**

Os clubs de karting serán os encargados de fomentalo



deporte do karting dentro do ámbito correspondente e organiza-las competicións.

### **Artigo 12.**

Todo organizador denunciará ó Xuíz Único de Competición, da Federación Galega de Automobilismo, os feitos que consideren infracción á normativa deportiva ou disciplinaria.

Calquera posuídor dunha licenza poderá tamén denunciar ante dito Xuíz Único de Competición os casos que xulgue necesarios.

### **Artigo 13.**

Os organizadores de probas autonómicas ou estatais de karting en Galicia deben remitilo por escrito á F.G. de A. no mes de novembro de cada ano anterior ó inicio de cada tempada, e solícialas na Asemblea Deportiva, a celebrar no mes de decembro.

### **Artigo 14.**

Si un piloto é descalificado ou excluído dalgunha(s) proba(s) (por condución e actitude antideportiva ou irregularidade mecánica), esta contabilizará obrigatoriamente como unha das carreiras válidas, a reteñer, para a súa puntuación final do Campionato de Galicia coa puntuación de cero puntos.

### **Artigo 15.**

Tódolos casos non previstos neste Regulamento serán xulgados polos Comisarios Deportivos, e órganos xurisdicionais da F.G. de A., e do Comité Galego de Xustiza Deportiva, e as prescricións (Anuario) xerais da Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 16.**

A F.G. de A. é o único órgano cualificado para resolver cantos conflitos xurdirán por aplicación ou interpretación dos seus regulamentos, así como para realiza-las modificacións que consideren oportunas no transcurso da tempada, mediante comunicados numerados, e con data de publicación, na páxina web da F.G. de A.

### **Artigo 17.**

17.1.- Organización:

a) Os Campionatos de Galicia de velocidade desenrolarase



cun mínimo de cinco probas.

b) Soamente a F.G.A. ten a potestade para permitila organización do campionato segundo os regulamentos particulares.

b) So as probas atribuídas pola F.G.A. teñen dereito a ser puntuables para o Campionato de Galicia, publicados no seu calendario, ou comunicado ó efecto.

17.2.- Disposicións xerais:

a) O Campionato de Galicia estará aberto ás seguintes categorías:

ALEVIN      CADETE      X30      KZ2      ESCUDERÍAS

b) Adicionalmente deixase aberta a posibilidade da organización dunha proba denominada “Copa de Campións 2011”, así como dunha de “Copa de Resistencia 2011”, ambas dúas a unha soa proba, aberto ás seguintes categorías:

ALEVIN      CADETE      X30      KZ2      ESCUDERÍAS

b) **INSCRIPCIÓNS:**

Para optar ó Campionato de Galicia as inscricións efectuaranse por escrito á GARA KARTING, cunha antelación mínima de dous días hábiles do comenzo da proba.

Realizaranse por medio de impreso oficial da F.G. de A., debidamente cumprimentadas (impreso mais abono da inscrición), ó número de fax **981 653946** (Escudería, Piloto, Asistencia).

c) Tódolos pilotos participantes deben obrigatoriamente posuír a licenza de Karting, que debe ser do grado da categoría na que participa, expedida pola F.G.A.

- Concursante:

Persoa Física ou Xurídica (maior de 18 años), provista dunha licenza expedida pola FGA., de carácter “individual” ou “colectiva” que desexe inscribir a un ou varios pilotos.

- Conductor/Piloto:

Persoa que conduce o vehículo (kart), provista dunha licenza expedida pola FGA. e válida para a categoría correspondente e proba convocada.

- Asistencia/mecánico:

Persoa designada polo concursante para axudar ó piloto no Parque Pechado e Preparilla e provista da licenza de “Asistencia” expedida pola FGA (so válida para un piloto).



d) A F.G. de A. convocará anualmente os Campionatos, Copas, Trofeos e Challenges nas categorías e modalidades que pola súa importancia considere oportunas, así como ó número de probas a realizar.

e) Regulamento particular: Deberase presentar por parte do Comité Organizador da proba á FGA tódala documentación necesaria 30 días antes, para que poda ser aprobado con posterior traslado a Compañía de Seguros, Excmo. Concellos, etc.

F) Para categorías e modalidades que pola súa importancia considere oportuno a FGA redactará un Regulamento xeral e/ou un Regulamento específico por categoría e/ou modalidade.

### 17.3.-Organización da proba

#### a) OFICIAIS:

Os Comisarios Deportivos, Director da Proba, e Comisarios Técnicos serán designados pola F.G. de A., e con cargo ó organizador da proba.

b) O cronometraxe nas probas de Karting, incluídas no calendario, ou de incorporación posterior, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, será realizada co material de cronometraxe da FGA (microbús, decodificador e persoal), e con cargo ó organizador da mesma. O persoal para utilizarlo material de cronometraxe nunha proba de karting puntuable, para o Campionato de Galicia, será asignado pola FGA e con licencia en vigor para tal efecto. **Advertenza:** Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, ou en carreira, sin instalar, ou sin cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade).

c) O importe dos dereitos de utilización do material de cronometraxe e organización dunha proba será segundo anexo I, aprobado polos órganos de goberno da F.G.A.

d) Todo o importe dos dereitos de utilización, así como os do material, deberán ser entregados na sede desta Federación con 72 horas de adianto ó comenzo das verificacións administrativas da proba.

e) Para evitar interpretacións contradictorias dos apartados anteriores, a Federación Galega de Automobilismo disporá dun contrato tipo común para tódalas organizacións, recollendo tódolo tratado nos anteriores apartados deste punto.

f) Instalacións e medidas de seguridade obrigatorias: as instalacións e medidas de seguridade serán conformes ós Regulamentos de Pistas da F.G. de A..



**Artigo 18****Calendario Campionato de Velocidade de Galicia de Karting.**

DATA	PROBA	COEF	ESCUDE RÍA
20-03-2011	22 KARTING A PASTORIZA (H)	1	GARA KARTING
10-04-2011	13 KARTING A MAGDALENA (H)	1	GARA KARTING
01-05-2011	1 KARTING DE PORRIÑO (H)	1	GARA KARTING
05-06-2011	23 KARTING A PASTORIZA (AH)	1	GARA KARTING
03-07-2011	14 KARTING A MAGDALENA (AH)	1	GARA KARTING
31-07-2011	3 KARTING A CORUÑA	1	GARA KARTING
11-09-2011	2 KARTING DE PORRIÑO (**)	1	GARA KARTING
02-10-2011	24 KARTING A PASTORIZA (**)	1	GARA KARTING

E as que designe a F.G. de A.

Sentido de xiro:

(H) Horario

(AH) Anti horario

DATA	PROBA	COEF	ESCUDE RÍA
16-10-2011	1 MASTER DE SILLEDA	1	GARA KARTING
Por designar	COPA DE CAMPIÓNS 2011	1	GARA KARTING
Por designar	COPA DE RESISTENCIA	1	GARA KARTING



## REGULAMENTO TECNICO



**D. ROBERTO BLACH**  
CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE X30



## REGULAMENTO TÉCNICO

A regulamentación técnica das probas de Karting do Campionato de Galicia para 2011 seguirase polo Regulamento da F.G. de A. e o presente regulamento.

### Artigo 1. DEFINICIÓNS.

As definicións e abreviacións indicadas a continuación son complementarias ás descritas no CDI, e serán adoptadas nos Regulamentos nacionais e os seus Anexos, en tódolos Regulamentos Particulares e serán de uso xeral.

CIK-FIA	Comisión Internacional de Karting.
FIA	Federación Internacional do Automóbil.
CGK	Comisión de Karting da FGA.
FGA	Federación Galega de Automobilismo
CD	Comisario Deportivo
CT	Comisario Técnico
DC	Director de Carreira
DT	Delegado Técnico
ST	Estárter-Director de Competición
RTG	Regulamento Técnico Galego

#### 1.1.- Xeneralidades

1.1.1.- Definición de Kart: Un kart é un vehículo terrestre con ou sen carrocería, con 4 rodas non alineadas que están constantemente en contacto co chan, das cales 2 aseguran a dirección e as outras 2 a tracción. As partes principais son o chasis (carrocería incluída), os pneumáticos e o motor.

1.1.2.- Adquisición de datos: Todo sistema, con memoria ou non, instalado sobre un kart, que permite ó piloto, durante, e despois da carreira, ler, indicar, adquirir, rexistrar, informar, transmitir calquera tipo de información.

1.1.3.- Telemetría: Transmisión de datos entre un kart en movemento e unha entidade exterior.

1.1.4.- Homologación: Constatación oficial feita pola F.G. de A.. de que un modelo de chasis, motor ou de material determinado, é construído en serie suficiente como para estar clasificado nunha das categorías. A solicitude de homologación debe ser presentada á F.G. de A.. polo constructor do material, e debe dar lugar ó establecemento dunha ficha de homologación (1.1.5).

Esta ficha debe estar feita de conformidade co Regulamento



de Homologación, establecido pola F.G. de A.

Todo constructor desexando facer homologar o seu/s modelos deberá comprometerse a respetar a súas prescripcóns.

1.1.5.- Ficha de homologación: Cada modelo de chasis, de motor ou de material homologado pola F.G. de A.. será obxecto dunha ficha descriptiva, chamada ficha de homologación, na cal indicaranse as características que permitan identificar dito modelo. A presentación de fichas no control de verificación e/ou antes da saída, poderá ser esixida polos organizadores, que terán o dereito de denegala participación do competidor, no caso de non-presentación. O momento de entregalo seu material, o Fabricante ten que entregala correspondente ficha de homologación.

Unha ficha de homologación consta de :

- a) Unha ficha que describe as características básicas.
- b) Eventualmente poden existir follas de información complementaria que describen as extensións de homologación.

1.1.6.- Partes Mecánicas: Tódalas partes necesarias para a propulsión, a dirección e o sistema de frenada, así como calquera accesorio, móvil ou non, que sexan necesarios para o seu correcto funcionamento.

1.1.7.- Piezas de orixe ou de serie: Son tódalas que pasaran por tódalas fases de fabricación, realizadas para o Constructor do material e montado sobre o kart de orixe.

1.1.8.- Máximo: É o valor mais grande dunha cantidade variable; límite superior.

1.1.9.- Mínimo: É o valor mais pequeno dunha cantidade variable; límite inferior.

1.2.- Chasis: Comprende a estrutura do kart ou cadro xunto coas partes mecánicas e a carrocería formando un so conxunto.

1.3.- Radiador: É un intercambiador específico que permite a refrixeración dun líquido a través do aire. Intercambiador líquido H<sub>2</sub>O / aire.

1.4.- Depósito de carburante: Toda capacidade de carburante apropiada para enviar fluxo hacia o motor.

## **Artigo 2. PRESCRIPCIÓNS XERAIS.**

2.1.- O kart e tódalas modificacións deberán estar conformes co regulamento específico de cada grupo e/ou categoría na cal estén inscritos, ou ás Prescripcóns Xerais descritas a continuación.

2.2.- Aplicación de Prescripcóns Xerais: As presentes



Prescripci3ns aplícanse a t3dolos Grupos e Categorías coa excepción que sexan obxecto de disposicións específicas.

2.3.- É obrigación de cada concursante probar 3s Comisarios Técnicos e os Comisarios Deportivos que o seu kart está en conformidade co regulamento durante t3dala proba.

2.4.- Modificacións: Toda modificación está prohibida si non está expresamente autorizada por un artigo do presente Regulamento ou por razóns de seguridade decididas pola F.G.A. Por modificacións enténdese t3dalas operacións susceptibles de cambialo aspecto inicial, as cotas, os deseños ou as fotografías das pezas orixinais homologadas.

2.5.- Engadido de material e de pezas: Todo material ou pezas engadidas ou fixadas está prohibido si non é explícitamente autorizado por un artigo do presente Regulamento ou por razóns de seguridade decididas pola F.G. de A.

O material retirado non poderá ser reutilizado. A reconstrución xeométrica do cadro no caso de accidente está permitida engadindo os materiais necesarios para a reparación (material soldadura, etc.) as outras pezas utilizadas ou danadas non poderán ser reparadas alomenos cun artigo do presente Regulamento ó autorice como excepción.

### **Artigo 3. KART.**

3.1.- Exigencias xerais. Un kart está composto dun chasis – cadro (con carrocería), os pneumáticos e o motor. Cumprirá as condicións xerais seguintes:

3.1.1.- Posición de condución: sobre o asento e os pes mirando cara adiante.

3.1.2.- Número de rodas equipadas con pneumáticos: 4 (CATRO)

### **Artigo 4. CHASIS.**

Homologado C.I.K., e os que non son homologados será necesario autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo.

#### **4.2.- Depósito de combustible.**

Estará sólidamente fixado ó chasis, sen que a suxección teña un carácter provisional, e concebido de tal maneira que, sexa por sí mesmo ou por tuberías de conexión (as cales serán de material blando), non presente ningún risco de fuga durante a proba, e non debe de ningunha maneira constituir unha parte da carrocería. Só alimentará ó motor baixo a presión atmosférica.



rica normal.

A súa capacidade será de 8 litros mínimo agás Alevín e Cadete. Será obrigatorio o instalar un “Kit de depósito de combustible” (montaxe rápido).

#### **4.3.- Combustible.**

O carburante será do tipo “sen chumbo”, constituído exclusivamente por unha mezcla de combustible de tipo “sen chumbo” comercial e de aceite en venta comercial corrente (que non aumente o índice N.O.).

Por “combustible comercial”, a utilizarse nas competicións de karting, a F.G.A. entende designar a un combustible “auto (95 ou 98 octanos)” fabricado por unha compañía petroleira e distribuído correntemente polas estacións de servizo do lugar en donde se desenrola a proba, de venta comercial corrente, con exclusión de todo outro aditivo. Polo tanto queda prohibido o uso de gasolina específica de competición, e calquera aditivo podendo ser verificada polos comisarios en calquera momento da proba

#### **4.4.- Pneumáticos.**

Os pneumáticos obrigatorios a utilizar en tódalas probas do Campionato de Galicia de karting, serán as subministradas polo organizador “MAS KARTING GALICIA,S .L.”.

ALEVIN: Marca Vega, modelo e composto NEW CADETTI.

CADETE: Marca Vega, modelo e composto NEW CADETTI.

X30: Marca Vega, modelo SL3, composto AZUL, e medida 4.6 diante, e 7.1 atrás.

KZ2: Marca Vega, modelo SL3, composto AZUL, e medida 4.6 diante, e 7,1 atrás.

#### **4.5.- Telemetría-Cronometraxe.**

Calquera sistema de telemetría está prohibido.

1.- Adquisición de datos. Este sistema, con memoria ou non, está permitido podendo informar do réxime do motor (por inducción sobre o cable HT da buxía), das indicacións de temperatura, a velocidade na carreira, dun acelerómetro e o tempo por volta, etc.

2.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor na pista, e calquera outra entidade, ou persoa, está terminantemente prohibido.

3.- É obrigatorio posuír un “transponder” persoal AMB TranX160, para poder participar no Campionato de Galicia de Karting, sendo obrigación do participante o correcto funciona-





**D. BENITO PUCEIRO**  
CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE ALEVIN



mento do seu “transponder” (nivel de batería e sinal), baixo a súa enteira responsabilidade. O “transponder” colocarse na parte posterior do asento do piloto, evitando que axa metal por debaixo del, chumbo, ou calquera metal que anule a correcta transmisión.

#### **4.6.- Lastres.**

Os chumbos (lastres) deben estar fixados o asento ou chasis dunha forma segura, sempre con parafusos e porcas, e en ningún caso con abrazadeiras, cinta adhesiva ou similares.

### **Artigo 5. MOTOR.**

1.- Xeralidades: Por motor enténdese o conxunto propulsor do vehículo en estado de marcha, comprendendo un bloque cilindro, carters, eventualmente caixa de velocidades, un sistema de encendido, un carburador (non-sistema de inxección) e un tubo de escape (silencioso homologado) e eventualmente unha caixa de velocidades.

O motor será do tipo, “dous tempos”, e sen compresor, sen calquera sistema de sobrealimentación. Para as categorías de Alevín, Cadete, X30, e KZ2 serán refrixerados por aire, ou auga. Para a refrixeración con líquido só está autorizada o H<sub>2</sub>O. Os motores terán a correspondente ficha de homologación establecida pola, FGA co correspondente visado.

2.- Cilindros: Está prohibido o trato con materiais como o cromado, nikasil, etc.

3.- Refrixeración por auga: Limitado a unha soa bomba, e un so circuítu sen ningunha combinación posible. O sistema de by-pass (tipo termostato) mecánicos está autorizado.

4.- Carburadores: Todo sistema de inxección está prohibido. A pulverización doutros produtos diferentes ó carburante está prohibido. Para tódalas categorías sen caixa de cambios, autorízase un dispositivo mecánico manual adicional de reglaxe con rodas dentadas, e melladas (sen modifica-lo carburador, si este debe ser homologado). Autorízase o montaxe dunha válvula, mariposa ou guillotina, accionada manualmente desde o volante, ó nivel da unión entre o carburador, e o silencioso de admisión. (Debuxo carburador diseño técnico nº 3 no anexo).

### **Artigo 6. SEGURIDADE DOS KARTS E EQUIPAMENTOS.**

1.- Seguridade dos Karts: Os karts non estarán autorizados a sair si non están en perfecto estado, e dacordo coas normas



vixentes de seguridade, e conformes co Regulamento. Estará en perfecto estado de mantemento e que non constitúa un perigo para o piloto, outros participantes, ou para as asistencias.

2.- Proteccións traseiras: para tódalas categorías é obrigatoria unha protección traseira das rodas posteriores homologada C.I.K/FIA.

## Artigo 7 . VEHÍCULOS ADMITIDOS.

Especificacións das categorías:

### 7.1.-ALEVIN.

a) Reservada a pilotos con licenza ALEVIN (AL), que teñan entre 5 e 10 anos (ambolos dous incluídos, cumpridos antes da primeira proba calendada).

b) Motor.- Parilla Puma Alevin 64 c.c.-TAG España, importado por Pravimar, S.L., según a ficha de homologación, e comprados a “Mas Karting Galicia, S.L.” (con aportación da copia da factura). (info@maskarting.com).

c) Coroa.- Libre. Piñon 10Z.

d) Peso: 105 Kg.

e) Chasis. Homologado pola F.G.A./C.E.K. para a categoría. Reunindo as prescripcións técnicas correspondentes, según a súa ficha de homologación.

f) Freo.- Mecánico ou hidráulico.

g) Buxía.- Marca NGK, modelo BR10EG.

h) Ancho de Vía.- Máximo 1200 mm

j) Chasis admitidos: 900 mm. ou 950 mm. entre eixes, con eixe de 25 mm. macizo ou de 30 mm. oco. **Nota: Na primeira proba que participe o piloto, cunha medida de chasis deberá mantela durante o resto da tempada, non podendo cambiar baixo ningún concepto.**

j) Todo o que non estea aquí reflexado non se poderá alterar, manipular, cambiar, modificar, engadir, téndose que respetar tal e como ven de orixe.

k) As pezas que compoñen o motor homologado, deben respectar sempre a súa construción orixinal, e ser indetificables nas fotos, debuxos e dimensións físicas descritas na ficha de homologación.

l) Non está permitida ningunha modificación das pezas de orixe do motor, incluído o pulido, limado, fresado, etc., ou calquera tratamento que cambie as súas características iniciais, podendo ser controlable mediante comparación con pezas ori-



xinais suministradas por IAME SpA. Tamén queda expresamente prohibido o engadido de material sexa da natureza que sexa, e/ou o montaxe de accesorios do motor en lugares distintos ó de orixe.

m) En calquer momento da competición, os Comisarios Técnicos, poderán solicitar o cambio de elementos ou pezas componentes do motor, por outras de orixe homologadas.

o) No caso de dúbida ou interpretación da validez, medidas ou posible modificación de calquera das pezas, ou elementos que compoñen o motor, en calquera momento poderán ser analizados, polos Comisarios Técnicos, os que emitirán informe técnico ó respecto sendo este definitivo e inapelable.

n) Motores autorizados.

- Os únicos motores autorizados serán os establecidos por PRAVIMAR, S.L. e distribuídos en Galicia por MAS KARTING GALICIA, S.L.

Os motores distribuídos por MAS KARTING GALICIA, S.L. e importados por PRAVIMAR, S.L. na tempada anterior están autorizados a participar no Campionato de Galicia de Karting 2011, sendo plenamente responsables o piloto/equipo participante, da non manipulación do mesmo según como ven de orixe, tal e como se describe neste regulamento. Os motores que nunca participaron na tempada anterior, e por tanto non verificados e autorizados por MAS KARTING GALICIA, S.L. e PRAVIMAR, S.L., deberán ser enviados a estes últimos con suficiente tempo para proceder a súa verificación, e posterior autorización, para participar no Campionato de Galicia de Karting 2011.

o) Modificación nos motores:

- Filtro de aire: Está prohibida calquera tipo de transformación, manipulación, adaptación, ou modificación do filtro de aire. (Exemplo: carreiras de choiva). Para este tipo de probas será obrigatorio o uso do cubre filtros orixinal suministrado por IAME Parilla.

- Cubre piñóns: Está permitido o rebaixe do cubre piñóns co fin de evitalo rozamento da cadea no mesmo cando sexa necesario montar un desenrolo curto.

p) Recambios.

- Tódolos recambios e pezas de substitución deberán ser orixinais, e figurar no catálogo de respostos do fabricante, sen permitirse modificación algunha, e concordante coa súa Ficha de Homologación.

- Para os motores Puma 64 c.c. autorízase a substitución dos



seguintes elementos suministrados no kit orixinal lame Parilla por outros non orixinais:

- 1.- Tornillería do soporte da batería.
- 2.- Abrazadeira metálica de suxección do filtro de aire.
- 3.- Bidas plásticas.
- 4.- Soporte de pulsadores de encendido e apagado do motor.
- 5.- Conectores de cables de bovina, batería e masa.
- 6.- Porcas do colector de escape.

q) Sistema de encendido.

- O encendido e tódolos seus componentes, suministrados co motor ou como recambio, serán da marca Selettra, cos números de referencia, e identificación expresados na Ficha de Homologación.

- Encendido sen avance variable nin ningunha outra modificación as súas características de orixe.

- Non está permitida ningunha modificación en:

- a.- o chavetero do motor ou cigüeñal.
- b.- Chaveta de unión rotor e cigüeñal.
- c.- Orificios e/ou parafusos de suxección do estator.

- O encendido debe estar fixado ó motor, con tódolos seus elementos, e nos puntos de orixe, incluída a chaveta do cigüeñal, sen ningunha modificación que afecte a súa posta a punto orixinal.

r) Todo o que non estea aquí reflexado non se poderá alterar, manipular, cambiar, modificar, engadir, téndose que respetar tal e como ven de orixe.

## 7.2.-CADETE.

a) Reservada a pilotos con licenza CADETE (CD) e que teñan entre 9 e 13 anos (cumpridos antes da primeira proba calendarada).

b) Motor.- Parilla Puma 85 c.c.-TAG España, importado por Pravimar, S.L., según a ficha de homologación e comprados a "Mas Karting Galicia, S.L." (con aportación da copia da factura). (info@maskarting.com).

c) Coroa.- Libre. Piñón 10Z.

d) Peso: 115 Kg.

e) Chasis. Homologado pola F.G.A. para a categoría. Reunindo as prescricións técnicas correspondentes, según a súa ficha de homologación.

f) Freo.- Mecánico ou hidráulico.

g) Eixe.- Macizo de 30x5 mm de diámetro.

g) Buxía.- Marca NGK, modelo BR10EG.



h) Ancho de Vía.- Máximo 1200 mm

j) Chasis admitidos: 900 mm. ou 950 mm. entre eixes, con eixe de 25 mm. macizo ou de 30 mm. oco. **Nota: Na primeira proba que participe o piloto, cunha medida de chasis deberá mantela durante o resto da tempada, non podendo cambiar baixo ningún concepto.**

j) Todo o que non estea aquí reflexado non se poderá alterar, manipular, cambiar, modificar, engadir, téndose que respetar tal e como ven de orixe.

k) As pezas que compoñen o motor homologado, deben respectar sempre a súa construción orixinal, e ser indetificables nas fotos, debuxos e dimensións físicas descritas na ficha de homologación.

l) Non está permitida ningunha modificación das pezas de orixe do motor, incluído o pulido, limado, fresado, etc., ou calquera tratamento que cambie as súas características iniciais, podendo ser controlable mediante comparación con pezas orixinais suministradas por IAME SpA. Tamén queda expresamente prohibido o engadido de material sexa da natureza que sexa, e/ou o montaxe de accesorios do motor en lugares distintos ó de orixe.

m) En calquer momento da competición, os Comisarios Técnicos, poderán solicitar o cambio de elementos ou pezas componentes do motor, por outras de orixe homologadas.

o) No caso de dúbida ou interpretación da validez, medidas ou posible modificación de calquera das pezas, ou elementos que compoñen o motor, en calquera momento poderán ser analizados, polos Comisarios Técnicos, os que emitirán informe técnico ó respecto sendo este definitivo e inapelable.

n) Motores autorizados.

- Os únicos motores autorizados serán os establecidos por PRAVIMAR, S.L. e distribuídos en Galicia por MAS KARTING GALICIA, S.L.

Os motores distribuídos por MAS KARTING GALICIA, S.L. e importados por PRAVIMAR, S.L. na tempada anterior están autorizados a participar no Campionato de Galicia de Karting 2011, sendo plenamente responsables o piloto/equipo participante, da non manipulación do mesmo según como ven de orixe, tal e como se describe neste regulamento. Os motores que nunca participaron na tempada anterior, e por tanto non verificados e autorizados por MAS KARTING GALICIA, S.L. e PRAVIMAR, S.L., deberán ser enviados a estes últimos con suficiente tempo para proceder a súa verificación, e posterior



autorización, para participar no Campionato de Galicia de Karting 2011.

o) Modificación nos motores:

- Filtro de aire: Está prohibida calquera tipo de transformación, manipulación, adaptación, ou modificación do filtro de aire. (Exemplo: carreiras de choiva). Para este tipo de probas será obrigatorio o uso do cubre filtros orixinal suministrado por lame Parilla.

- Cubre piñóns: Está permitido o rebaixe do cubre piñóns co fin de evitalo rozamento da cadea no mesmo cando sexa necesario montar un desenrolo curto.

p) Recambios.

- Tódolos recambios e pezas de substitución deberan ser orixinais, e figurar no catálogo de respostos do fabricante, sen permitirse modificación algunha, e concordante coa súa Ficha de Homologación.

-Para os motores Puma 85 c.c. autorízase a substitución dos seguintes elementos suministrados no kit orixinal lame Parilla por outros non orixinais:

1.- Tornillería do soporte da batería.

2.- Abrazadeira metálica de suxección do filtro de aire.

3.- Bidas plásticas.

4.- Soporte de pulsadores de encendido e apagado do motor.

5.- Conectores de cables de bovina, batería e masa.

6.- Porcas do colector de escape.

q) Sistema de encendido.

- O encendido e tódolos seus componentes, suministrados co motor ou como recambio, serán da marca Selettra, cos números de referencia, e identificación expresados na Ficha de Homologación.

- Encendido sen avance variable nin ningunha outra modificación as súas características de orixe.

- Non está permitida ningunha modificación en:

a.- o chavetero do motor ou cigüeñal.

b.- Chaveta de unión rotor e cigüeñal.

c.- Orificios e/ou parafusos de suxección do estator.

- O encendido debe estar fixado ó motor, con tódolos seus elementos, e nos puntos de orixe, incluída a chaveta do cigüeñal, sen ningunha modificación que afecte a súa posta a punto orixinal.

r) Todo o que non estea aquí reflexado non se poderá alterar, manipular, cambiar, modificar, engadir, téndose que respetar tal e como ven de orixe.



### 7.3.- X-30.

- a) Reservada a pilotos con licencia X30 (X30) e que teñan mais de 13 anos (cumpridos antes da primeira proba calendarada).
- b) Motor.- Iame Parilla X30 125 c.c.- Importado por Pravimar, S.L., según a ficha de homologación e comprados a “Mas Karting Galicia, S.L.” (con aportación da copia da factura). (info@maskarting.com).
- c) Chasis. Homologado pola F.G.A. para a categoría. Reunindo as prescripcóns técnicas correspondentes, según a súa ficha de homologación.
- d) Freo.- Mecánico ou hidráulico. Os freos dianteiros están autorizados, ven sexa por accionamento no pedal ou por palanca no volante.
- e) Peso. 162 kg.
- f) Carburador. Modelo Tryton Hobbie. Diámetro Venturi 27mm. (Según ficha de homologación), sin ser permitida ningunha variación respecto a de orixe.
- g) As pezas que compoñen o motor homologado, deben respectar sempre a súa construción orixinal e ser indetificables nas fotos, debuxos e dimensións físicas descritas na ficha de homologación.
- h) Non está permitida ningunha modificación das pezas de orixe do motor, incluído o pulido, limado, fresado, etc., ou calquera tratamento que cambie as súas características iniciais, podendo ser controlable mediante comparación con pezas orixinais suministradas por IAME SpA. Tamén queda expresamente prohibido o engadido de material, sexa da natureza que sexa, e/ou o montaxe de accesorios do motor en lugares distintos ó de orixe.
- i) En calquer momento da competición, os Comisarios Técnicos poderán solicitar o cambio de elementos ou pezas componentes do motor, por outras de orixe homologadas.
- j) No caso de dúbida ou interpretación da validez, medidas ou posible modificación de calquera das pezas, ou elementos que compoñen o motor, en calquera momento poderán ser analizadas polos Comisarios Técnicos, os que emitirán informe técnico ó respecto sendo este definitivo e inapelable.
- k) Motores autorizados.
- Os únicos motores autorizados serán os establecidos por PRAVIMAR, S.L. e distribuídos en Galicia por MAS KARTING GALICIA, S.L.
- Os motores distribuídos por MAS KARTING GALICIA, S.L. e



importados por PRAVIMAR, S.L. na tempada anterior están autorizados a participar no Campionato de Galicia de Karting 2011, sendo plenamente responsables o piloto/equipo participante da non manipulación do mesmo según como ven de orixe, tal e como se describe neste regulamento. Os motores que nunca participaron na tempada anterior, e por tanto non verificados e autorizados por MAS KARTING GALICIA, S.L. e PRAVIMAR, S.L., deberán ser enviados a estes últimos con suficiente tempo para proceder a súa verificación e posterior autorización, para participar no Campionato de Galicia de Karting 2011.

l) Modificación nos motores:

- Filtro de aire: Está prohibida calquera tipo de transformación, manipulación, adaptación ou modificación do filtro de aire. (Exemplo: carreiras de choiva). Para este tipo de probas será obrigatorio o uso do cubre filtros orixinal suministrado por lame Parilla.

- Cubre piñóns: Está permitido o rebaixe do cubre piñóns co fin de evitalo rozamento da cadea no mesmo cando sexa necesario montar un desenrolo curto.

m) Recambios.

- Tódolos recambios e pezas de substitución deberan ser orixinais e figurar no catálogo de respostos do fabricante, sen permitirse modificación alguna.

-Para o motor X30 autorízase a substitución dos seguintes elementos suministrados no kit orixinal lame por outros non orixinais:

1.- Tornillería do soporte da batería.

2.- Abrazadeira metálica de suxección do filtro de aire.

3.- Abrazadeiras metálicas de suxección de manguitos do sistema de refrixeración.

4.- Manguitos do sistema de refrixeración.

5.- Limado do racord lateral do sistema de refrixeración (para evitar que toque no soporte do asento do chasis).

6.- Bidas plásticas.

7.- Velcro de suxección de centralita e relé.

8.- Tirante-soporte do radiador.

9.- Tornillos de suxección do piñón á campana do embrague.

10.- Conectores de cables de bovina, batería e masa.

11.- Porcas do colector de escape.

12.- Gomas da bomba de auga (as que van da polea do eixe á bomba).

13.- Muelles do colector de suxección escape-colector.



14.- Autorízase o engadido dun tubo de silicona ou “macarrón” no respiro do aceite dos piñóns contrarrotantes.

n) Sistema de encendido.

- O encendido e tódolos seus componentes, suministrados co motor ou como recambio, serán da marca Selettra cos números de referencia e identificación expresados na Ficha de Homologación.

- Encendido sen avance variable nin ningunha outra modificación as súas características de orixe.

- Non está permitida ningunha modificación en:

a.- o chavetero do motor ou cigüeñal.

b.- Chaveta de unión rotor e cigüeñal.

c.- Orificios e/ou parafusos de suxección do estator.

- O encendido debe estar fixado ó motor con tódolos seus elementos, e nos puntos de orixe, incluída a chaveta de cigüeñal, sen ningunha modificación que afecte a súa posta a punto orixinal.

o) Sistema equilibrado cigüeñal.

- O eixe de equilibrado do cigüeñal e tódolos seus piñóns, serán suministrados co motor ou como resposto orixinal.

- Non se permitirá utiliza-lo motor sempre que os piñóns e/ou o eixe de equilibrado do cigüeñal non estén ben montados e funcionen correctamente, tal e como funcionan de orixe.

p) Todo o que non estea aquí reflexado non se poderá alterar, manipular, cambiar, modificar, engadir, téndose que respetar tal e como ven de orixe.

#### 7.4.- KZ2 (KZ2).

a) Reservada a pilotos con licenza KZ2 (KZ2) e que a idade mínima sexa a de 16 anos.

b) Motor monocilíndrico de 125 cc refrixerados por aire ou líquido, admisión por láminas, homologado ou rexistrado FGA, coas seguintes especificacións:

c) Todo sistema de inxección, turbo ou sobrealimentación está prohibido.

d) Todo sistema de “power valve” está prohibido. No caso de levala o motor de orixe debe ser eliminada ou completamente bloqueada, co accionador eliminado.

e) Obrigatoriamente un único carburador. Con difusor “venturi” dun diámetro de 30 mm. máximo.

f) Caixa de velocidades dun mínimo de tres e un máximo de seis velocidades.

g) Chasis homologado F.G. de A.



- h) Peso mínimo 175 kg.
- i) Freos hidráulicos as catro rodas.

### **ARTIGO 8.- MANTEMENTO, REPARACIÓN E PRECINTADO.**

Para as categorías Alevín, Cadete, X30; calquera reparación ou manipulación do motor, por rotura ou desgaste, poderá ser feita polo equipo ou mecánico do piloto, sendo estes sempre os responsables de que este continue sempre coas mesmas pezas, e especificacións co de orixe, e deberá informar sempre previamente a Mas Karting, despois de dita reparación o motor deberá seguir cumprindo tódolos puntos descritos neste regulamento. No suposto de que o motor tivese unha avería mecánica durante a proba, e non poidera ser reparado adecuadamente, cuestión que deberá ser determinada polo suministrador, e os Comisarios Técnicos da proba, o concursante será autorizado á substitución da unidade, mediante petición ós Comisarios Técnicos.

#### **Infraccións:**

Calquera infracción ó presente regulamento de motores, modificación, manipulación ou alteración das características do motor suministrado, será considerada falta grave e conlevará á exclusión da proba na que se detecta a infracción, podendo levar a exclusión do Campionato, dependendo da gravidade da mesma e quedando a criterio dos Comisarios Deportivos.

#### **Precintaxe nas probas:**

Os motores poderán ser precintados durante o transcurso das probas polos Comisarios Técnicos. Calquera modificación, manipulación ou alteración de dito precinto, será considerada falta grave e conlevará á exclusión da proba na que se detecta a infracción, podendo levar a exclusión do Campionato, dependendo da gravidade da mesma e quedando a criterio dos Comisarios Deportivos.





**D. HUGO IGLESIAS**  
SUB-CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE X30



## REGULAMENTO DEPORTIVO

**Artigo 1.**

O regulamento deportivo ten por obxecto definilas condicións xerais que regulan o Karting, segundo normas F.G.A. O regulamento deportivo territorial complementábase polo Regulamento Técnico e o da proba.

**Artigo 2.**

O Karting está organizado, practicado, e rexido dentro do mesmo espírito cos demais deportes de competición da F.G. de A. A súa regulamentación observarase rigurosamente. As infraccións a este respecto serán xulgadas polo Xuíz Único de Competición, Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, e si elo dera lugar ó Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia.

**Artigo 3.**

O Karting organízase, practica e rixe desde o punto de vista estritamente amateur e seguindo as normas F.G.A., e dos regulamentos particulares das probas.

**Artigo 4. LICENCIAS.**

Licencias de participantes:

Alevín (AL): Para pilotos na que idade estea comprendida entre os 5 e os 10 anos.

Cadete (CD): Para pilotos na que idade estea comprendida entre os 9 e os 13 anos.

X30 (X30): Para pilotos na que idade mínima sexa a de 13 anos, e 12 anos con autorización da Comisión Galega de Karting, previa solicitude documentada.

KZ2 (KZ2): Para pilotos na que idade mínima sexa a de 16 anos, e 15 anos con autorización da Comisión Galega de Karting, previa solicitude documentada.

**Asistencia Kart (AS):** Todo piloto que teña intención de participar no Campionato de Galicia de Karting, e que desexe ser asistido por un (s) mecánico (s) durante a proba, este terá que estar en posesión da licenza de asistencia (AS), so pena de EXCLUSIÓN da proba, tendoa que incluír na folla de inscrición.

- 1.- Serán os únicos autorizados para prestar axuda ós pilotos.
- 2.- Levarán exposta á vista a licenza durante a competición.
- 3.- Quedarán protexidos polo seguro de accidente correspondente da M.G.D.
- 4.- Terán a obrigaón de coñecer, e respectalos regulamentos de Karting, e estarán a disposición dos Federativos, e oficiais da proba.



5.- Obrigatorio e indispensable para cubrila folla de inscrición de todas as probas.

Comercial (CCK): Obrigatoria para empresas comerciais, que desexen inscribir un ou varios vehículos, nunha ou varias competicións.

Escudería (ECK): Obrigatoria para escuderías ou clubs, que desexen inscribir a un ou varios vehículos, nunha ou mais competicións calquera que sexa o carácter destas e estean en posesión dos estatutos aprobados polo ente autonómico de Galicia.

Concursante Individual (CKI): Obrigatoria para toda persoa física, que queira inscribir un vehículo nunha competición, aunque sexa o propio conductor, para maiores de 18 anos.

### **Artigo 5.**

As licencias solicitaranse a partir do primeiro día do ano, mediante un impreso oficial, dispoñible na FGA, cubrirase o impreso e firmará o solicitante. As solicitudes de licencias de piloto acompañaranse dos dereitos correspondentes.

Os menores de 18 anos presentarán unha autorización paterna ou do tutor, con recoñecemento de firma bancaria, ou notarial, e un documento oficial acreditativo para a comprobación da idade do solicitante (partida de nacimiento, D.N.I., pasaporte).

### **Artigo 6.**

Ningún piloto tomará parte nunha competición, si non presenta a licenza correspondente ó ano en curso e a licenza de Concursante, expedidas pola F.G.A.

Non se poderá participar nunha categoría distinta a aquela á que a licenza autorice. Non se poderá solicitar unha licenza que non corresponda, segundo a actual regulamentación. Caso de incurrir nalgún suposto mencionado, será automaticamente excluído da proba na que estea inscrito, denunciando a súa actuación ó Xuíz Unico de Competición da Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 7.**

As licencias son válidas unicamente durante o ano no que son expedidas.

### **Artigo 8. CARÁCTER DE COMPETICION.**

Por competición enténdese todo encontro ou conxunto de encontros que dean lugar a unha clasificación parcial ou final.

### **Artigo 9.**

As competicións terán carácter exclusivo, según a Lei do Deporte de



Galicia, Lei 11/1997, de 22 de agosto.

### **Artigo 10.**

Nas competicións de carácter autonómico, serán disputadas dn conformidade co regulamento establecido pola F.G. de A.

### **Artigo 11. PROBAS.**

Non se poderá celebrar unha competición dunha categoría determinada, si non realizan os adestramentos oficiais, dun mínimo de tres pilotos cos seus respectivos vehículos.

Depende do criterio dos Comisarios Deportivos a inclusión destes participantes xunto a outros de categoría superior. Nembargantes, nunca poderán correr alevíns ou cadetes, con X30 ou KZ2.

### **Artigo 12.**

Ai dúas clases de probas:

- As efectuadas nunha pista permanente, que serán a maioría.
- As efectuadas nunha pista ocasional, con permiso especial.

Para toda proba, a organización presentará á Federación Galega de Automobilismo cinco exemplares do regulamento particular da proba. Co regulamento deberanse especificar obrigatoriamente:

- a) Data e carácter da proba.
- b) Nome do club e do comité organizador, debidamente licenciados.
- c) Pista na que se efectuará a proba, inspeccionada, homologada, e autorizada pola Federación Galega de Automobilismo.
- d) Categorias que comprenden.
- e) Programa da proba.
- f) Nome dos oficiais de carreira, co número de licenzia de Galicia.
- g) Relación de premios, mínimos esixidos pola F.G.A.
- h) Nunha proba a desenvolver nun circuito ocasional, presentarse dous planos a escala de onde terá lugar a competición, para a súa posible autorización.

Esta documentación deberá ir acompañada de:

- a) Permiso da autoridade competente, si o circuíto é ocasional, o efecto.
- b) Esta documentación deberá ir acompañada da solicitude do seguro da mesma.
- c) Si a F.G.A. autorizada a proba sería meramente ós efectos da mesma.

### **Artigo 13.**

O plano dunha pista ocasional, estará debidamente acotado, e mencionará anchura e desenrolo total, e estará asinado por técnico cuali-





**D. YAGO CRUZ**  
SUB-CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE CADETES



ficado.

Especificará as condicións nas que se encontra o pavimento, a situación da liña de saída e chegada, lugar destinado ós boxees, con medidas tipo planimetría.

Especificará tamén a situación das medidas de seguridade, plan de evacuación, escapatorias, e se habilitarán as ubicacións dos espectadores.

#### **Artigo 14.**

A FGA devolverá un documento á entidade organizadora, coa aprobación, si procede para a celebración excepcional do evento deportivo.

#### **Artigo 15.**

Os dereitos de aprobación do regulamento, dunha proba para 2011 serán os publicados no Anuario da F.G. de A.

#### **Artigo 16. AUTORIZACIÓNS.**

Toda competición deberá ser obxecto da autorización da Federación Galega de Automobilismo e da Comisión Galega de Karting pola aprobación do regulamento si é de carácter territorial, estatal ou social.

#### **Artigo 17.**

Toda documentación dunha proba obrará en poder da F.G.A., por escrito, cun mínimo de:

- 30 días antes da proba fose puntuable para os Campionatos da F.G. de A.
- 50 días antes da data da proba si tuvese carácter nacional.
- 70 días antes da data da proba si tuvese carácter internacional.

#### **Artigo 18. SEGUROS.**

En toda proba ou competición os organizadores da mesma axústanse á normativa estipulada pola FGA na materia de seguros, e dos acordos Asemblearios.

#### **Artigo 19. ORGANIZADORES.**

En toda organización será obrigatoria a presenza de:

- a) Un posto de cronometraxe e contavoltas.
- b) Unha ambulancia medicalizada, un médico.
- c) Boxes reservados ós participantes, os seus mecánicos, e material. A permanencia en ditos boxes prohibirase a toda persoa non licenciada (as, etc.).
- d) Colocarase un cartelón, pizarra ou tablón de anuncios (sito xunto ó lugar onde se realicen as verificacións administrativas), no que se



deberá colocar un exemplar do Regulamento aprobado pola Federacion Galega de Automobilismo, a póliza e o recibo do seguro de Responsabilidade Civil obrigatoria, abono a tal efecto, e o orixinal ou fotocopia do definitivo permiso, da autoridade competente si o circuíto é ocasional, a fin de que os participantes sepan que teñen garantía da lealdade da proba.

e) Unha báscula de pesaxe dos karts, e pilotos.

f) Unha oficina con medios suficientes como para poder facelas verificacións administrativas, clasificacións, e entrega de premios.

### **Artigo 20.**

Despois de celebrada a proba, e dentro das vinte e catro horas seguintes, a Entidade Organizadora deberá de presentar á Federación Galega de Automobilismo a seguinte documentación:

- Informe dos comisarios deportivos, e técnicos.
- Clasificación completa por categorías.
- Lista de inscritos.
- Folla cos tempos das voltas cronometradas.
- Clasificacións parciais e finais

### **Artigo 21.**

O coste dos dereitos de inscrición, fíxanse para circuitos permanentes nun máximo en 110 €. (coste do comisario técnico verificador, incluído) aceptando a publicidade do organizador, e de 210 €, sen aceptala.

Adetramentos sábado: O custo total será de 30 €uros, por piloto, incluíndo ambulancia e seguro de R.C., e a organización de tandas individuais para as categorías de Alevín-Cadete, X30-KZ2, podendo facelas individualmente dependendo do número de inscritos.

### **Artigo 22.- DESENROLO DAS PROBAS**

O desenrolo dunha proba (domingo) de velocidade do Campionato de Galicia consta dunha tanda de adestramentos libres non cronometrados, unha tanda de adestramentos oficiais cronometrados, unha semi-final e unha final.

### **MANGAS.**

a) Adestramentos libres non cronometrados:

Están reservados a pilotos que pasaran as verificacións administrativas e técnicas. O horario da proba deberá prever 10 minutos de adestramentos libres non cronometrados para cada categoría.

Podendo o Director de Carreira modificalos, co consentemento do Colexio de Comisarios Deportivos.



b) Adestramentos oficiais cronometrados: Están reservados ós pilotos que pasaron as verificacións administrativas e técnicas.

Cada categoría terá dereito a unha sesión de 10 minutos, o piloto sairá na súa categoría correspondente cando o crea oportuno e unha vez que cruce a liña de saída, considéraselle que tomou a mesma e o seu tempo será tido en conta, calquera que sexan as circunstancias. Tódalas voltas completas serán cronometradas, sendo válidas para a confección da grella da semifinal e terase en conta o seu mellor tempo por volta efectuada.

c) No caso de empate entre varios pilotos, decidirá o segundo mellor tempo e así de forma sucesiva, (terceiros...) ata desfacelo empate.

### **Artigo 23.**

Si os Comisarios Deportivos, estimaran oportuno, non efectuar adestramentos oficiais cronometrados, éstos decidirán a formación da grella pola clasificación no Campionato Galego de Karting.

### **Artigo 24. SEMIFINAIS E FINAIS.**

As mangas semifinais e finais disputaranse sobre o seguinte sistema, unha semifinal e unha final.

### **Artigo 25.**

A posición de saída, na semifinal, será en función do tempo realizado nos adestramentos cronometrados.

Si un piloto non ten adxudicado ningún tempo, tomará a saída desde o final da grella, si ai varios pilotos nesta situación o seu lugar na grella será desde o final e pola clasificación no Campionato, pasando a ocupalos últimos lugares.

Todo piloto que non efectuara a totalidade das voltas previstas, así como o que non termine a manga será clasificado segundo ó número de voltas efectuadas.

Semifinais.-

Distancia máxima a percorrer entre 10 e 12 km. para Alevín e Cadete, e de 12 a 14 km. para X30 e KZ2.

Finais.- Distancias máximas e mínimas a percorrer:

Cadete-Alevín de 12 a 15 Km.

X30-KZ2 de 15 a 20 Km.

A posición de saída da FINAL será segundo a posición obtida na SEMIFINAL. Todo piloto que non efectuase a totalidade das voltas previstas, así como o que non termine a manga será clasificado



segundo o número de voltas efectuadas.

**Saída parada (KZ2):**

Darase a saída cos vehículos parados, e os motores en marcha, precedidos da volta de quentamento.

**Saída lanzada (Alevín, Cadete, X30):**

A saída da semifinal, e final, darase mediante unha volta neutralizada na que os corredores a marcha moderada conservaran as posicións de saída. Non se poderan quentar pneumáticos facendo zig-zag na pista. Aquel corredor que perdera a súa posición, por avería, ou outro motivo poderá recuperar a posición na 1ª metade do trazado, de non ser así, quedara relegado o último lugar, sen posibilidade de retorno a súa posición inicial. O corredor, que na volta neutralizada non respete o sitio a el designado, será penalizado. Poderá ser relegado a última posición o ser penalizado polo Director da Carreira, o piloto que incumpla a orde de marcha.

**Procedemento:**

1.- Os dous corredores de cabeza son os responsables da boa marcha durante a volta neutralizada, a unha velocidade claramente reducida. Cando cheguen a recta principal onde se sitúa a saída deberán estar rigurosamente colocados da seguinte forma; a 1º ó fronte, e o 2º terá que estar situado paralelamente e coas rodas dianteiras a altura das traserías do 1º, e o resto de pilotos inmediatamente detrás dos dous de cabeza.

2.- O Director da proba terá a bandeira de Galicia levantada antes de que cheguen os karts a curva anterior á recta de saída. No caso contrario a bandeira estará horizontal e se procederá a unha nova volta de quentamento.

3.- Haberá conos o longo dos 10m. previos a línea de saída (banda magnética), e os pilotos non poderán cambiar de línea nin de posición ata sobrepasar a banda magnética.

4.- A saída da manga será xusto no momento cando pase o 1º pola banda magnética.

5.- O incumprimento deste procedemento será sancionado a criterio dos Comisarios Deportivos.



**Artigo 26.**

Ós efectos da clasificación xeral da proba será segundo a posición da FINAL.

**Artigo 27. PUNTUACIÓNS.**

Distribución de puntos na SEMIFINAL, e FINAL.

As puntuacións que se atribuirán a cada piloto nestas mangas, en función da orde de chegada son:

27.1.- Os puntos atribuídos nos ADESTRAMENTOS OFICIAIS serán os seguintes:

1º	2º	3º
3	2	1

27.2.- Os puntos atribuídos a clasificación da SEMIFINAL serán os seguintes:

1º	2º	3º	4º	5º	6º
7	5	4	3	2	1

27.3.- Os puntos atribuídos a clasificación FINAL serán os seguintes:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º
10	8	7	6	5	4	3	2	1

27.4.- EMPATES:

1.-) Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

2.-) De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

**Artigo 28. PARTICIPANTES.**

O número de participantes que se pode admitir nunha pista deberase aplicar a seguinte regra:

a) Pista de ata 6 metros de ancho, admitiranse dous participantes por cada 100 metros de pista.

b) Pista de mais de 6 metros de ancho, tres pilotos por cada 100 metros de pista. Cando o resultado da operación dese impar, redondearíase a par, sumando unha unidade.

**Artigo 29. TROFEOS.**

**Por proba:** ós tres primeiros de cada categoría como mínimo.

### Trofeos Finais.

Ó final da tempada, previo escrutinio dos resultados, outorgaranse os seguintes galardóns a:

CAMPIONATO DE GALICIA DE KARTING: "ALEVIN", "CADETE", "X30", "KZ2"

Campión .....Trofeo de Bronce-Prata  
Sub-Campión.....Trofeo de Bronce-Prata

Como recoñecemento os mais xoves das categorías de Alevín e X30 otorgaranse os seguintes galardons como campións BENXAMÍN (5 e 6 anos) e JUNIOR (12 a 15 anos):

Campión .....Trofeo de Bronce-Prata  
Sub-Campión.....Trofeo de Bronce-Prata

### Artigo 30. VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

As verificacións administrativas realizaranse segundo o orde, e horarios previstos, que deberán figurar no programa horario do Regulamento Particular da proba, salvo solicitude expresa de cambio por parte do Organizador e aprobado pola F.G. de A.

Horario das probas puntuables para o Campionato de Galicia de Karting

Os participantes presentaran nas verificacións administrativas, as licencias de concursante, piloto, e asistencia, obrigatoriamente.

O incumprimento do artigo 31, en tódolos seus puntos, implicará sanción en metálico ou exclusión da proba segundo criterio dos Comisarios Deportivos.

Ningún piloto poderá tomala saída nos adestramentos oficiais libres, nin en ningunha outra manga, sen haber pasado as verificacións administrativas, cumprindo todos os requisitos.

### Artigo 31. VERIFICACIÓNS TÉCNICAS.

31.1.- Realizaranse segundo horarios previstos no regulamento particular da proba.

31.2.- No momento de presentarse ás verificacións técnicas na primeira proba entregaráselle un xogo de dorsais válidos para tódala tempada segundo a normativa FGA. e otorgados ós cinco primeiros clasificados, segundo resultados da tempada anterior.

31.3.- Ningún vehículo poderá participar, nos adestramentos ou



carreira, sen ter pasado as verificacións técnicas previas ou que non o fixeran a súa hora prevista.

31.4.- Nas verificacións técnicas, previas ós adestramentos oficiais, poderá ser verificado e marcado o material autorizado.

31.5.- Material autorizado a verificar en tódala súas categorías:

- Chasis 1

- Motores 2

- Xogo pneumáticos sliks 1, marcados, e válidos para adestramentos e carreira.

- Xogo pneumáticos choiva 1, marcados, e válidos para adestramentos e carreira.

31.6.- Realizaranse verificacións, e controis de oficio, aleatorios durante o transcurso da proba, a criterio dos comisarios deportivos.

31.7.- O concursante que non facilite, ou autorice a verificación técnica do seu vehículo, será sancionado coa exclusión da proba e o Campionato.

31.8.- Durante a verificación técnica dun vehículo so estarán presentes os comisarios deportivos, e técnicos, o concursante de dito vehículo, e a súa asistencia (licenciado e posto na folla de inscrición), ambos en posesión da licenza correspondente.

31.9.- Ó finalizar cada manga, os pilotos co seu kart deberán dirixirse ó control para proceder a verificacións e pesaxe, a infracción desta norma implicará a exclusión da proba.

31.10.- Despois dos adestramentos oficiais, semifinal, e final, os vehículos que os Comisarios Deportivos estimen oportuno pasarán a parque pechado, quedando retidos o tempo necesario para a súa verificación, e estando prohibida a súa retirada do mesmo ata ser autorizada polos Comisarios Deportivos, no taboleiro de anuncios.

31.11.- Os pilotos participantes estarán en posesión da ficha de homologación do material; a que poderá ser esixida polos comisarios técnicos en calquera momento da proba, podendo ser sancionados por non presentala, coa exclusión da proba.

31.12.- Os pilotos nos que os vehículos non se encontren conformes ó regulamento técnico, ou non cumpran as normas incluídas neste artigo poderán ser excluídos da proba.

## Artigo 32.

Os números nas diferentes categorías de karting serán entregados polo organizador, na primeira proba que participe o piloto, non podéndose recortar nin parcial nin totalmente (so pena de exclusión), e téndose que poñer no pontón dianteiro e na defensa traseira.

No caso de necesitar algún número adicional terá un custo de 1 €uro.



Categoría	Placas	Números	Medidas	Publicidade
Alevín	AMARELAS	NEGROS	aprox18 x 18	por designar
Cadete	AMARELAS	NEGROS	aprox18 x 18	por designar
X30	AMARELAS	NEGROS	aprox18 x 18	por designar
KZ2	AMARELAS	NEGROS	aprox18 x 18	por designar

**OBRIGATORIO:** a conservación do número asignado durante tódala tempada, sendo obrigación do piloto a súa conservación.

### Artigo 33.

Durante a celebración de calquera proba puntuable, para o Campionato de Galicia, os participantes deberán aterse as seguintes normas:

#### BRIEFING

Definición:

O Briefing é unha reunión organizada polo Director de Carreira, ou Director de Competición, para tódolos concursantes e pilotos inscritos na proba.

Obxectivo da reunión:

Recordar ós participantes os puntos específicos do Regulamento concernentes á organización da proba. Recordarlles as nocións de seguridade, ben sexan xerais ou particulares do circuíto utilizado. Aportar toda precisión respecto á interpretación dos Regulamentos.

Hora da reunión:

A hora do Briefing estará indicada no regulamento da proba. A hora está considerada como o inicio do Briefing, e ó mesmo tempo a porta de entrada pechará.

O Briefing efectuarase antes do inicio da competición (é dicir, antes dos adestramentos cronometrados, ou da primeira manga).

Unha segunda reunión poderá organizarse antes das semifinais/finais, para informarles do procedemento de saída propio das semifinais/finais, e da cerimonia do podium.

Reunións suplementarias poden organizarse si se estima oportuno.

Asistencia:

A asistencia de tódolos participantes implicados é obligatoria. Un rexistro de asistencia firmarase. Tódolos participantes admitidos a participar na carreira deben estar presentes durante a duración do Briefing, e o seu mecánico (AS), debidamente licenciado.

Todo participante ausente recibirá unha multa de 60 €, que deberá pagarse antes de que o piloto sexa autorizado a saír á pista.



## Artigo 34. CONDUCCIÓN DURANTE A PROBA

34.1.- O non respeta-la bandeira amarela (reduci-la velocidade e obrigación de mantela posición, sen adiantar), significa a descalificación da proba, durante ou despois da mesma.

34.2.- Os pilotos estarán obrigados a obedecer tódalas indicacións dos Oficiais da Proba.

34.3.- Todo participante, si se lle para o motor, debe emprende-la marcha polos seus propios medios. Procurara non entorpece-lo trazado, dos demais participantes, facendoo polo lado oposto a trayectoria ata alcanza-la velocidade de competición.

34.4.- Todo participante, que sufra avería na pista durante, o desenrolo dunha competición, debera ante todo situa-lo seu vehículo de forma que non entorpezca o paso dos demais e soamente poderase valer por si mesmo utilizando exclusivamente a utillaxe, e material do que estea provisto naquel momento, e sen que en ningún caso poda ser-lle facilitado nin directa nin indirectamente por terceira persoa.

Se a reparación e imposible nestas condicións o participante debera deixar o seu kart colocado totalmente fora da pista nun lugar onde a avería tivo lugar ata finaliza-la manga, e o levara só, ou con axuda, do seu mecánico/asistencia ata o control da pesaxe con obxecto de poderse clasificar.

O incumprimento de canto antecede levara implícito a exclusión do participante na proba de que se trata, sen perxuízo das accións a que houbera lugar.

34.5.- Todo piloto que vaia a abandonala pista debe sinalar e avisar previamente e asegurarse que pode facelo sen perigo.

34.6.- Tódolos Karts deberán estar conformes ás normas de seguridade, regulamentadas pola FGA.

Toda infracción cometida nesta materia durante a manifestación, poderá conlevala exclusión da proba.

34.7.- Todo piloto que por conducta anti-deportiva, ou outros motivos, se lle mostre a bandeira ormada por un triángulo negro e un triángulo branco, e o seu número, será como unha primeira, e única advertencia, por conducción antideportiva, sendo a seguinte (bandeira negra) a exclusión da proba.

Si o Director de Carreira o considera oportuno poderá mostrar directamente a bandeira negra.

34.8.- Os conductores absteranse de calquera manobra desleal con respecto ós demais participantes, asimesmo están obrigados a obedecelas indicacións efectuadas coas bandeiras regulamentarias; o incumprimento destas normas será sancionado a criterio dos Comisarios Deportivos.

34.9.- Todo participante, que se deteña por calquera motivo, debe



empresela marcha polos seus propios medios. Procurará non entorpecelo trazado dos demais participantes, facéndolo polo lado oposto da traxectoria ata alcanzala velocidade de competición.

34.10.- En ningún caso un piloto poderá circular en sentido inverso ó da proba, so pena de exclusión.

34.11.- Toda conducción considerada como temeraria ou antideportiva, e sancionada como tal, significara a exclusión da proba, semifinal ou final, na que acontezan ditos feitos, e será un dos resultados a reter o final da tempada, coma un cero.

34.12.- Os comportamentos antideportivos do piloto, ou calquera membro do equipo durante a proba darase traslado Xuíz Único de Competición da Federación Galega de Automobilismo.

Asimesmo calquera signo de violencia, ou comportamento antideportivo, entre pilotos concursantes, ou acompañantes de pilotos, poderá ser causa de sanción polo Colexio de Comisarios Deportivos da proba sen perxuízo de traslado a Xuíz Único de Competición da Federación Galega de Automobilismo.

### **Artigo 35. PARADA DA CARREIRA.**

Si se fixera necesario deter a carreira por causa dun accidente, razóns de seguridade, ou por calquera outra razón, unha bandeira roxa será empregada sobre a liña de saída/chegada polo director de carreira e simultaneamente a bandeira roxa desplegarase en tódolos postos de sinalización para indicar que a carreira foi detida.

Tódolos pilotos disminuirán a velocidade, e volverán lentamente cara a liña de saída, preparados para deterse en todo momento si esto lles fora solicitado por un oficial.

Como consecuencia da parada da carreira:

- a) Si o 60% fose efectuado, a carreira declararase completa, e o resultado darase dacordo co orde final o termo da volta anterior á parada.
- b) Si fose menos do 60 %, a carreira volverá a celebrarse novamente na súa totalidade e a primeira saída será declarada nula.

1. Para as mangas clasificatorias, tódolos pilotos que estiveran previamente na saída, serán autorizados a participar na nova saída.

2. Na semifinal e final, so os pilotos que pasaran a liña de chegada durante a volta anterior á parada, poderán participar na nova saída.

### **Artigo 36. APLICACIÓN DO REGULAMENTO.**

36.1.- Tódolos casos non previstos neste regulamento serán xuzgados polos Comisarios Deportivos, dacordo cos Regulamentos da F.G. da A., e os regulamentos particulares das probas.

36.2.- A interpretación do Regulamento e, sobretudo, a elección das sancións cando o presente Regulamento non as fixase automática-



mente, e potestade do Colexio de Comisarios deportivos da proba.

### **Artigo 37. SINALIZACIÓNS.**

Durante o transcurso da proba os conductores estarán obrigados a obedecer as indicacións efectuadas coas bandeiras dacordo co Regulamento da F.G. de A.

No que concirne á vixiancia da pista, o Director de Carreira (ou o seu adxunto) e os postos de vixiancia, deberán contar en gran parte co uso das sinalizacións para contribuir á seguridade dos pilotos, e facer respetalo regulamento.

Estas senais transmitiranse durante o día por medio de bandeiras de cores diferentes, que poderán ser complementadas, ou nalgunhas circunstancias reemprazadas, por unha señalización luminosa.

Paneis de sinalización negro e branco, de dimensións similares ás banderas, poderán igualmente utilizarse para certas señalizacións, que deberán estar claramente especificadas no regulamento particular da proba.

### **Sinais por bandeiras que deberán ser utilizadas polo Director de Carreira, ou o seu adxunto na liña de saída:**

#### **a.) Bandeira de Galicia:**

Esta bandeira utilízase normalmente para dala saída á carreira. A sinal de saída deberase dar baixando a bandeira que, no que respecta ás probas coa saída parada, non deberá elevarse por encima da cabeza antes de que tódolos vehículos se parasen, e en ningún caso durante mais de dez segundos.

#### **b.) Bandeira bermella:**

Esta bandeira deberá ser axitada na liña de saída cando decidise parar unha tanda de adestramentos, ou a carreira, e simultáneamente en cada posto de vixiancia do circuito. A bandeira bermella tamén poderá ser utilizada polo Director de Carreira, ou o seu representante para o peche da pista.

#### **c.) Bandeira a cadros negros e brancos:**

Esta bandeira deberá mostrarse axitada; significa o final dunha tanda de adestramentos ou da carreira.

#### **d.) Bandeira negra:**

Esta bandeira deberá utilizarse para informar a un piloto determinado que deberá entrar no "pit lane ", a próxima vez que pase pola súa entrada, e pararse no seu box (garaxe) ou no lugar designado no



regulamento particular da proba, ou no regulamento do campionato. Si por calquera motivo, o piloto non respetase esta instrucción, esta bandeira non se mostrará durante mais de catro voltas consecutivas, e o piloto será excluído da proba.

A decisión de mostrar esta bandeira é competencia exclusiva do Director da Proba, e o equipo afectado será inmediatamente informado da decisión. A bandeira negra implica a exclusión da proba a tódolos efectos.

**e.) A bandeira negra cun disco laranxa (de 40 cm.de diámetro):**

Esta bandeira deberá utilizarse para informar a un piloto determinado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de provocar un perigo para o mesmo ou para os outros pilotos, e que deberá deterse no seu box na volta seguinte.

Cando os problemas mecánicos foran resoltos, a satisfacción do Xefe dos Comisarios Técnicos, o vehículo poderá volver a saír á carreira.

**f.) Bandeira negra e branca dividida diagonalmente:**

Esta bandeira non deberá mostrarse mais dunha vez, e constitue unha advertencia, que indica o piloto afectado que foi notificado por comportamento non deportivo.

As tres últimas bandeiras descritas (d, e, f) deberán mostrarse inmóviles, e acompañadas dun panel negro cun número branco que deberá presentarse ó piloto do vehículo que leve ese número.

Estas bandeiras, poderán presentarse igualmente noutros lugares que non sexan a liña de saída, si o Director de Carreira o xulga necesario. Normalmente, a decisión de presentalas dúas últimas bandeiras (e, f) corresponde ó Director de Carreira, non obstante, poderá ser tomada polos Comisarios Deportivos.

O equipo afectado será inmediatamente informado da decisión, polo Relación cos Participantes.

**Sinalización por banderas a utilizar nos postos de vixilancia:**

**a.) Bandeira bermella:**

Esta bandeira deberá mostrarse axitada, únicamente por orden do Director de Carreira cando sexa necesario deter unha tanda de adestramentos, ou a carreira.

Tódolos pilotos deberán reducir sustancial, e inmediatamente, a velocidade e volver ó "pit lane", (ou ó lugar previsto polo regulamento da proba), preparados para deterse si fora necesario.

Están prohibidos os adiantamentos.





**b.) Bandeira amarela:**

É unha sinal de perigo, e deberá mostrarse ós pilotos de dúas maneiras, cos seguintes significados:

- Unha soa bandeira axitada:

Reduza a velocidade, non adelante e estea preparado para cambiar de dirección. Ai un perigo ó borde da pista, ou sobre unha parte dela.

- Dúas bandeiras axitadas:

Reduza a velocidade, non adelante, e estea preparado para cambiar de dirección ou para deterse.

Un perigo obstrúe total ou parcialmente a pista. Normalmente, as bandeiras amarelas non deberán mostrarse mais que no posto de comisarios de carreira que se encontre inmediatamente antes do lugar perigoso.

Nembargantes, nalgúns casos, o Director de Carreira poderá ordenar que se presenten en mais dun posto de comisarios anteriores ó incidente.

Os adelantamentos estarán prohibidos entre a primeira bandeira amarela e ata rebasalo obstáculo, e pasar a seguinte bandeira amarela, dito incumprimento conlevará a exclusión da proba.

As bandeiras amarelas non deberán mostrarse, no pit lane, salvo incidente do cal o piloto estará advertido.

**c.) Bandeira amarela con franxas bermellas:**

Esta bandeira deberá mostrarse inmóvil, ós pilotos, para advertirles dunha diminución da adherencia, debida á presenza de aceite, ou de auga, sobre a pista na zoa de influencia da bandeira. Esta bandeira presentarase (en función das circunstancias) durante un mínimo de catro voltas a menos co pavimento se normalice antes. Non será necesario presentar bandeira verde no sector seguinte a aquel no que se mostrase a bandeira amarela con raias bermellas.

**d.) Bandera azul:**

Deberá ser axitada normalmente para indicar a un piloto que está a punto de ser adelantado. Non ten o mesmo significado nos adestramentos que na carreira.

En todo momento:

- Unha bandera inmóvil deberá mostrarse ó piloto que salga do pit lane, si un ou varios vehículos se aproximan pola pista.

Durante os adestramentos:

- Ceda o paso a un vehículo mais rápido que se dispon a adelantalo.

Durante a carreira:

- Esta bandeira deberá mostrarse normalmente a un vehículo que vai a ser adelantado por outro que cando complete esta manobra contará



cunha volta de ventaxa sobre o vehículo adiantado, e, cando se presenta, o piloto afectado deberá permitir ó vehículo que lle sigue que adiante na primeira ocasión.

**e.) Bandeira branca:**

Esta bandeira deberá axitarse. Utilízase para indicar ó piloto afectado que aí un vehículo moito mais lento sobre o sector da pista controlado por este posto de vixilancia.

**f.) Bandeira verde:**

Esta bandeira deberá utilizarse para indicar ca pista quedou libre, e deberá mostrarse axitada no posto de comisarios que necesitara a utilización dunha ou varias bandeiras amarelas, inmediatamente despois de acabado o incidente.

- Poderá igualmente indicalo inicio dunha volta de calentamiento ou o comezo dunha tanda de adestramentos, si o Director de carreira o xulga necesario.

### **Artigo 38. PENALIZACIÓNS**

38.1.- Toda decisión concerniente a unha penalización de tempo, puntos, ou exclusión da carreira, tomada polos Comisarios Deportivos, será notificada polo Director da Carreira, os concursantes, e os Comisarios implicados.

38.2.- A F.G. de A poderá impor, ademais dos Comisarios Deportivos da proba, medidas disciplinarias non previstas no regulamento particular da proba, e os regulamentos os que se acolle o Karting, no caso de que o infractor cometa un acto que poida prexudica-lo desenrolo, organización ou seguridade da proba, ou dos Campionatos de Galicia de Karting.

### **Artigo 39. RECLAMACIÓNS.**

Todo concursante debidamente inscrito nunha proba do Campionato de Galicia ten dereito a reclamar.

Toda reclamación debera efectuarse por escrito, versar sobre un só asunto, e ir firmada polo reclamante, e dirixida o Director da Carreira ou Comisario Deportivos, antes de transcurridos trinta minutos do:

- Peche do control de licencias, se a reclamación versa sobre a inscrición dun vehículo.

- Da chegada da probas, se se trata dun feito acaecido no transcurso da carreira. Da publicación dos resultados da proba, se afecta a clasificación. Toda reclamación debera ir acompañada dun depósito en metálico de 600 €, cantidade que so será devolta no caso de que sexa recoñecido o fundamento da reclamación.



En ningún caso será admitida unha reclamación colectiva, e cada unha deberá versar sobre un só tema ou peza mecánica.

#### **Artigo 40. APELACIONES.**

Todo Concursante terá o dereito de apelar contra as penalizacións e/ou decisións tomadas polos Comisarios Deportivos.

Deberá notificala por escrito debidamente firmada a súa intención de apelar dentro da hora seguinte na que recibira a súa notificación. A citada intención de apelación deberá ir acompañado dun depósito de 1000 €, que serán depositos na F.G.A.

#### **Artigo 41. INDUMENTARIA.**

Será obrigatorio o uso de tódala indumentaria obrigatoria, e homologada pola F.G. de A. (Casco, traxe, guantes, botas, collarín, protector de costelas).

#### **Artigo 42. ASISTENCIA-MECANICO.**

Todo piloto deberá designar o seu mecánico que estará debidamente licenciado (AS), sendo este requisito obrigatorio e indispensable, para cumprimentala inscrición.

Todo acompañante/mecánico deberá ter nun lugar visible a licencia que lle acredita como tal, de modo contrario se lle negará o acceso a boxes, e grella de saída, así como realizar asistencias no transcurso da proba, so pena de exclusión do participante a todos os efectos.

#### **Artigo 43. PUBLICIDADE.**

O F.G.A. poderá esixir unha publicidade sobre a carrocería do kart ou na vestimenta do piloto, de calquera dos sponsor, ou patrocinadores, ou da F.G.A.

Está permitido ós participantes levar patrocinadores que poidan ser consideradas como publicidade comercial, sempre e cando:

- Non sexan competencia directa de calquera dos Sponsor oficiais dos CAMPIONATOS DE GALICIA DE KARTING.

- Respeten estrictamente os lugares previstos pola F.G.A. para a publicidade obrigatoria, que se indiquen, segundo as normativas, ou que se comuniquen a través de Anexos, ou no Regulamento Particular da Proba.

- Os adhesivos da publicidade obrigatoria, tanto no vehículo como na vestimenta, serán proporcionados pola F.G.A. e/ou polo organizador, ó igual cos planos para a distribución das mesmas.

- Queda baixo a responsabilidade directa de cada concursante a correcta colocación de tódala publicidade obrigatoria, que será comprobada nas Verificacións Previas e/ou durante o transcurso da proba.



- Tanto a F.G. de A. como organizador e os seus patrocinadores, poderán utilizar libremente, tanto no tempo como na forma, a participación, resultados, imaxes, etc. de calquera participante dos pilotos e equipos nos CAMPIONATOS DE GALICIA DE KARTING.
- O non cumprimento de calquera das normas indicadas neste art.43, poderá dar lugar a unha sanción.

#### **Artigo 44. DISPOSICIÓNS PROTOCOLARIAS.**

Nas portadas do Regulamento Particular, o programa da proba, as follas oficiais de clasificación, así como os posters, deberá figuralo título do Campionato ou Copa e ó lado o escudo da FGA, Secretaría Xeral para o Deporte, Deporte Galego e a insignia dos organizadores. O programa, e as listas dos resultados, deberá mencionar os apelidos e nome dos pilotos, a marca e o tipo de chasis, motor que utiliza.

Antes das finais, realizarase a presentación de pilotos, e actos protocolarios, na medida do posible.

A cerimonia da proclamación do vencedor será cuidadosamente preparada e o material previsto será:

- Un podium de gran dimensión coas insignias da FGA e do Club organizador.
- Subirán ó Podium por este orden: tercer clasificado, segundo clasificado e vencedor.
- Entregarase unha corona de laurel, o vencedor de cada categoría.





**D. DIEGO VARELA**  
SUB-CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE ALEVIN





**D. OSCAR ALFONSO**  
SUB-CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE KZ2



## RESUMO DE PENALIZACIÓNS DE KARTING PRESCRIPCIÓNS COMÚNS

Motivo	Vez	Penalización
Non pasala verificación administrativa	Todas	Non autorizado a tomala saída.
Pasalas verificacións administrativas en hora distinta á establecida	Todas	Só con autorización dos Comisarios Deportivos
Non levar colocados os números, así como as publicidades obrigatorias.	Todas	Exclusión da proba
Non cumprimentar na súa totalidade o Pasaporte.	Todas	Exclusión da proba
Non pasala verificación técnica previa.	Todas	Non autorizado a tomala saída.
Pasalas verificacións técnicas en hora distinta á establecida	Todas	So con autorización dos Comisarios Deportivos
Non presentalo mono, guantes, botas, etc. nas condicións establecidas	Todas	Non autorizado a tomala saída e exclusión.
Non presentarse, cos seus mecánicos, no prazo establecido ó finalizalas mangas finais na pesaxe no Parque Pechado.	Todas	Exclusión da proba
Non facilitala verificación.	Todas	Exclusión da proba
Non levar o kart a pesar e/ou verificar ó finalizalos adestramentos cronometrados.	Todas	Anulación de tempos
Non levar o kart a pesar e/ou verificar ó finalizar cada manga.	Todas	Anulación de tempos
Non presentala Ficha de Homologación do seu material.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Infracción Técnica	Entren.	Exclusión da manga
Infracción Técnica	Sem/Final	Exclusión da proba
Realizar adestramentos fora do horario previsto.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos, podendo chegar á exclusión da proba
Entrar mecánicos na pista para facer reparacións nun kart parado ou levalo a Paddock, ou sen licencia (AS)	Todas	Exclusión da proba
Non asistir ó briefing dunha proba	1ª	60 Euros
Non asistir ó briefing dunha proba	2ª	Exclusión da proba
Utilizala pista noutro momento que non sexan os adestraamentos ou mangas.	Todas	Exclusión da proba
Non apartalo kart da pista, cando estea parado por algún motivo, e represente un perigo para os demais participantes, ou moleste o desenrolo da actividade.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos (como norma xeral será penalizado coa anulación de tempos nos adestramentos e coa exclusión na manga).
Reparar con ferramentas na pista	Todas	Exclusión da proba



Levar utillaxe ou repostos no kart	Todas	Exclusión da proba
Recibir asistencia nunha zoa distinta á asignada para realizar reparacións.	Todas	Exclusión da proba
Abastecer de carburante fora da zona establecida.	Todas	Exclusión da proba
Empuxalo kart para facelo cruzar así a liña de chegada.	Todas	Exclusión da Manga.
Non seguilas insstruccións dos oficiais	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Non avisar de que se vai a abandonala pista, e/ou facelo sen asegurarse de que pode facelo sen perigo.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Non telo kart conforme ás normas de seguridade.	Todas	Exclusión da proba
Conducción antideportiva	Todas	Exclusión da manga/proba
Entorpecelo trazado doutros participantes.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Fumar ou utilizar aparatos que produzan llama ou chispas.	Todas	Exclusión da proba
Non levar un extintor de 3 Kg. (mínimo) no lugar establecido.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Non someterse a un examen médico.	Entren.	Non autorizado a tomala saída
Circular en dirección contraria á carreira.	Manga	Exclusión da proba
Abandonala pista de aceleración sen autorización.	Todas	Exclusión da proba
Abandonala pista de aceleración sen autorización.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Circular co kart fora da pista na que se celebra a proba.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Non saír con pneumáticos de choiva en tódalas rodas e no tempo indicado polo Director de Carreira.	Todas	Exclusión da proba
Utilización simultánea de pneumáticos slicks e choiva.	Todas	Exclusión da proba
Circular en paddock con motos, scooter, etc.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos (mínimo multa de 50 euros).
Circular por Pit-Lane e zoa de reparacións a velocidade superior á establecida. (proba)	1ª 2ª 3ª	50 Euros por Km. 100 Euros por Km. Exclusión da proba
Acceder a preparrilla de saída despois de cerrada a mesma.	Todas	Saír o último desde liña de boxes.
Non respetala normativa sobre publicidade.	Todas	Non autorizado a tomala saída.
Non estar localizable o concursante ou o seu representante durante tódala duración da proba	Todas	Exclusión da proba





**D. GABRIEL SOBRINO**  
CAMPIÓN DE GALICIA DE KARTING DE CADETES



## RESUMO PENALIZACIÓN DE KARTING REGULAMENTO TÉCNICO

Motivo	Vez	Penalización
Non da-lo peso mínimo	Oficiais	Sae último semifinal
	semifinal	Sae último final
	Final	Exclusión da proba
Fixación do lastre inadecuado.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Infracción ó establecido para os silenciosos	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para os carburadores	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para os chasis	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para os paragolpes	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para as rodas/neum.	Todas	Exclusión da proba
Tratamento físico ou químico das rodas	Todas	Exclusión da proba
Infracción o establecido para a posta en marcha e embrague	Todas	Exclusión da proba
Infracción o establecido para os números de competición. Publicidade	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para os motores	Todas	Exclusión da proba
Infracción ó establecido para os equipamentos de pilotos	Todas	Exclusión da proba
Infracción o establecido para as modificacións	Todas	Exclusión da proba
Incumprimento precintaxe do material.	Todas	Exclusión da proba





## RESUMO PENALIZACIÓNS DE KARTING REGULAMENTO XERAL DE VELOCIDADE E RESISTENCIA

Motivo	Vez	Penalización
Realizar adestramentos privados en días non autorizados.	Todas	Non autorizado a tomala saída na proba.
Acceder ó circuítu antes do día establecido.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos. (mínimo multa de 150 E).
Responsabilidade do Circuíto e/ou Club organizador, na realización de adestramentos privados en días non autorizados.	Todas	1 Dereito de Calendario dobre
Interrupción dos adestramentos oficiais por un piloto.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Parar na zoa de reparación, ou parque de asistencia.	Todas	Non autorizado a saír de novo ós adestramentos.
Ayudar ós mecánicos despois de cruzar a liña de final do área de saída.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Parar na zoa de reparación ou parque de asistencia.	Todas	Non autorizado a saír de novo ós adestramentos.
Levar un kart, ou material distinto ó inscrito ou verificado co seu número.	Todas	Exclusión da proba.
Deixar un kart ou material a outro participante.	Todas	Exclusión da proba.
Non entrar a pesaxe cando se mostra a bandeira azul e roxa.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos, podendo chegar á Exclusión da proba).
Estacionalo kart, e/ou carros porta-karts, nas pistas de circulación do paddock, e na pista de aceleración.	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos (cunha penalización mínima de 150 €uros).
Utilizar carburante non suministrado polo organizador.	Todas	Exclusión da proba.
Non estar no control de repostaxe, do parque de asistencia de saída, co tempo suficiente (antes dos adestramentos cronometrados, e as mangas).	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos, podendo chegar a exclusión da proba
Non cumprila normativa sobre decibelios	Todas	A criterio dos Comisarios Deportivos.
Infracción á normativa sobre a utilización de pneumáticos.	Entren. Manga	Anulación de tempos. Exclusión da proba.



### BANDERAS A UTILIZAR EN CIRCUITOS DE KARTING

1.- Salida (A)  
Carreras nacionales



(A) Utilizada en caso de avería de los semáforos

2.- Fin de Carrera



3.- Parada de Carrera



4.- Doblado  
(agitada)



5.- Parada para piloto doblado  
(mostrada con número)



6.- Vehículo lento en pista



7.- Conducción ante deportiva  
(mostrada con número)



8.- Parada para piloto  
(mostrada con número)



9.- Problemas mecánicos  
(mostrada con número)



10.- Falta de adherencia.



11.- Peligro  
(agitada)



12.- Fin de peligro



Medida de las banderas

Dimensiones mínimas de las banderas: 60 cm X 80 cm

Bandera Roja: 80 cm X 100 cm

Utilización:

Director de carrera: Banderas 1-2-3-5-7-8 y 9

Comisarios de pista: Banderas 3-4-6-10-11 y 12

